

## COPIA CERTIFICADA

### **BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 27 DE XANEIRO DE 2011.**

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

##### Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. María Rosa del Carmen Mariño López
- D. Gabriel González Arias
- D<sup>a</sup>. María Luisa Vázquez Vázquez
- D. José Angel Rey Seoane
- D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero
- D. Roberto Costoya Castelo
- D<sup>a</sup>. María Magdalena Lojo Rozada
- D. Elisardo Montero Castro
- D<sup>a</sup>. Mercedes Pérez García
- D. José Luis Rivas Cruz

##### Secretaria-Interventora:

D<sup>a</sup>. Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as vinte horas e oito minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil once, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.- DITAME APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL 2011**

Pola Secretaria dase lectura o ditame da Comisión informativa permanente especial de contas , de data 24/01/2011 , relacionado con este punto da orde do día e que a continuación se reproduce literalmente:

<<Sen mais intervencións sometida a proposta de dictame polo Presidente da Comisión á votación a Comisión informativa permanente especial de contas por maioría absoluta catro votos a favor , cós votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE , voto a favor do concelleiro do grupo mixto e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do Partido Popular , dictaminou favorablemente para o Pleno municipal do 27/1/2011 o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2011 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS NOVENTA E NOVE MIL SESENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS ( **2.399.069,64€**) así coma toda a documentación e anexos a él incorporados ( plantilla, relación de postos de traballo, bases de execución ...entre eles) , asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	685.835,00
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	540.307,51
Cap. 3	Gastos financeiros	5.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	30.500,00
Cap. 6	Inversións reais	1.137.427,13
Cap. 7	Transferencias de capital	---
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>2.399.069,64€</b>

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	207.000,00
Cap. 2	Impostos indirectos	60.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	173.450,00
Cap. 4	Transferencias correntes	961.378,60
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	2.000,00
Cap. 6	Enaxenación de inversións reais	---
Cap. 7	Transferencias de capital	995.241,04
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>2.399.069,64€</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2011, tal e como son presentadas.

**TERCEIRO.-** Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal e a modificación da relación de postos de traballo

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

**Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes**

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

**Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.**

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

1.-0.-Animador deportivo.-Completa

1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa

1.-0.-Conductor camión.-Completa

1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa

1.-0.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa

1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa

1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa

3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.

1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

**Prazas.-Denominación.-**

1.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas

1.-Animadora cultural.-Xornada completa

1.-Socorrista.-Xornada completa

1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada

1.-Normalizadora linguística .- Xornada completa

2.- Mestras.- xornada completa ( parte con financiación por incorporación de remanente de crédito )

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/85, RBRL publicanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** O Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual ( 14 pagas ) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 90 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

**CUARTO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, , expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2011 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**QUINTO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do Rdl 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordes aplicables.

**SEXTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**SÉTIMO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.>>

Pola Alcaldía, a continuación, expónse a memoria da Alcaldía que consta no expediente de aprobación do orzamento municipal para anualidade 2011 e que se reproduce literalmente:

**<<MEMORIA DA ALCALDIA EXPLICATIVA DO CONTIDO DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2011 E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA EN RELACIÓN CO ORZAMENTO DO 2010 ACTUALMENTE PRORROGADO.**

A presente memoria formulaa o Sr.Alcalde-Presidente en cumprimento do ordenado polo artigo 168.1.a) do actual Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD.lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Na estrutura do proxecto do Orzamento municipal para o exercicio económico do 2011, que o Alcalde que subscribe eleva ó Concello en Pleno, en cumprimento das disposicións vixentes, tivéronse en conta normas e directrices que se sinalan nesta memoria e a evolución dos gastos e ingresos municipais dos anos anteriores.

Faise unha desagregación das aplicacións presupuestarias acorde coa Orde ministerial de data 3/12/2008 reguladora da estrutura dos presupostos das entidades locais, partidas a nivel de política de gasto na clasificación por programas e a nivel programa na clasificación económica, o que permiten un maior control e coñecemento do gasto efectivamente realizado en cada unha das áreas de gastos do Concello, considerando que este control e coñecemento foi beneficioso para a tesourería municipal, así, como para a mellora do municipio.

Neste documento analízanse, un a un, os capítulos de gastos e de ingresos que conforman o orzamento de Boimorto para o ano 2011, motivando esta orzamentación nas políticas municipais polas que aposta este equipo de goberno e que están a situar o Concello de Boimorto no lugar que lle corresponde en relación con outros concellos de características similares, ou, incluso con maiores orzamentos, lugar que é un referente en xestión.

**A) ESTADO DE GASTOS:**

**No capítulo 1 de gastos de persoal contéplanse 685.835€, o 28,59% do total do orzamento de gastos :**

**En relación con cargos electos :** Contéplase a contía asignada ó cargo electivo de Alcaldía, partindo do acordo plenario en sesión de data 30/8/2007, manténdose o cargo electivo con dedicación exclusiva, cuxos custes salariais quedan reflexados no capítulo 1.

**As asignacións acordadas por asistencia a órganos colexiados en dito Pleno, dietas e desprazamentos quedan recollidas no capítulo 2.**

**Ningún destes gastos se incrementou nos últimos tres anos de goberno.**

**Faise constar por esta Alcaldía, que os gastos relacionados con atencións protocolarias, comidas e quilómetros do Alcalde, son asumidos como propios pola Alcaldía co seu salario, non pasándose facturas dos mesmos ó departamento de Intervención, salvo que se trate dunha viaxe fóra da CCAA en representación institucional. Isto reflexa a contención e control dos gastos realizados por este equipo de goberno e a conciencia plena de estar a gobernar un municipio de menos de 5.000 habitantes que, como a maioría dos municipios destas características de España, sofre de insuficiencia financeira, contra a que loitamos coa/s nosa/s políticas de control orzamentario e eficacia e eficiencia na consecución de obxectivos ó menor custe posible.**

**Persoal da Entidade Local** : consígnase o crédito preciso para as súas retribucións. Recóllense os custes salariais adaptados ó previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2011 ( en diante, LOXE 2011) , véndose afectados pola redución derivada do Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público .

**Optouse por este equipo de goberno, con respecto a relación de postos de traballo, a manter a valoración dos postos, orzamentando o salario correspondente con independencia de que no pago dos mesmos se respecte a baixada do 5%, que representará un aforro neste capítulo de aproximadamente 24.000€ a destinar na anualidade 2012 a un proxecto de inversión, xa que este Concello, como consecuencia da nosa xestión, non ten Remanente de tesourería negativo, nin apelou a operación de crédito a longo prazo á que facer fronte con dito aforro, preferentemente segundo o RD antedito, senón, que executou importantes gastos correntes sociais, tanto culturais, deportivos, como de inversión, que o converteron nun municipio referente na comarca para os da mesma poboación pola boa xestión sen endebedamento nin danos á tesourería municipal.**

Refléxase aforro nos custes salariais que na anualidade anterior derivaban de persoal contratado con Fondos estatais, os cales non se prevén neste ano sen prexuízo do firme propósito de mantemento dos servizos existentes neste Concello e mellora e incremento dos mesmos como se verá nesta memoria.

As modificacións na relación de postos de traballo, polas que se incrementa o salario do encargado de obras por novas funcións e responsabilidades; compénsanse en partidas de gratificacións, non incrementando o montante total de gastos de persoal con relación ó ano anterior.

Ofertadas, están pendentes de convocatoria e selección, a praza de auxiliar administrativo, así como, a praza de consolidación de emprego temporal de auxiliar de axuda no fogar que se sacarían nesta anualidade, sendo unha medida de promoción do emprego neste Concello, fomentando a contratación fixa para a cobertura de necesidades permanentes deste Concello en cumprimento da normativa aplicable.

**Mantéñense coa correspondente redución derivada do RD Lei 8/2010, partidas para sufragar horas extraordinarias do persoal e produtividade** a repartir nos termos sinalados nas bases de execución do orzamento e referenciados, a rendemento obxectivo do persoal , sen ter estes conceptos salariais nin devengo periódico nin fixeza na súa contía. Quedan, así, aperturadas partidas relacionadas co incentivo do rendemento de produtividade e gratificacións do persoal de servizos xerais, partidas para atender en concepto de produtividade ó especial rendemento, actividade e dedicación extraordinaria, así, como o interés ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, sendo, o Pleno, o órgano competente para aprobar o seu montante total e o Alcalde para distribuílo, segundo dispón o artigo 5.6 do RD.861/1986, de retribucións dos funcionarios de Administración Local. Respecto das gratificacións con carácter excepcional, retribuirán servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo, sen que en ningún caso podan ser fixas na contía, nin periódicas no seu devengo. En relación coa produtividade preténdese fomentar un especial rendemento funcional ( avaliación por desempeño)

Hai previsión, tamén, do custe relacionado co plan de pensións do que son beneficiarios os funcionarios e laborais fíxos con 2 anos de antigüidade nos termos e baixo os límites sinalados pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

<sup>a</sup> **O persoal laboral temporal contratado actualmente para xulgado de paz, auxiliar a domicilio xornada parcial, prevision da contratación temporal para necesidades do servizo de auxiliares, animadora sociocultural, normalizadora lingüística, mestras para o PAI e para actividades extraescolares do proxecto Tempo de Lecer., técnico en dinamización turístico e económica, socorrista para tres meses, fisioterapeuta, electricista, ....** sen prexuízo doutras contratacións supeditadas a novas subvencións e necesidades de servizo ou razón urxentes e inaplazables; permite a cobertura de necesidades urxentes e inaplazables ós efectos de xustificacións de subvencións outorgadas e mantemento dos servizos municipais subvencionados (en relación o establecido na LOXE 2011).

Cabe destacar que apertúranse partidas para asumir o custo, gastos salariais e custes sociais para persoal laboral temporal, todo, sen prexuízo da contratación doutro persoal laboral temporal por obtención, ó longo do ano, de subvencións da Xunta ou de Deputación Provincial, ou ben por necesidades puntuais dos servizos existentes ou de nova creación.

**Destaca esta Alcaldía o cumprimento da normativa de selección de persoal principalmente do principio de publicidade e procedimentais nos procesos selectivos, así, como o traballo conxunto de obtención de subvencións para contratación de persoal que dan oportunidade ós desempregados do noso Concello, tanto de traballo como de formación.**

**O labor de promoción do emprego neste Concello tamén se verá reflexada no capítulo 4 de gastos, con aumento da previsión de subvencións para a promoción do emprego.**

Sendo conscientes da situación económica actual e da situación de desemprego de moitos dos nosos veciños, consideramos, que o esforzo realizado estes anos na promoción do emprego deu o seu resultado e debe aínda ir mellorado; o que nos leva, neste orzamento, a maiores dotacións para este fin Esta afirmación compróbase no xornal “La Voz de Galicia” que recentemente publicou unha análise da situación de emprego de veciños dos diferentes concellos galegos e na cal, Boimorto, como unha excepción, aparece como municipio onde se reduce o desemprego e aínda que outros (Curtis, Mesía...) Concellos sitúanse nesta situación pero contan con obradoiros de emprego que nestes anos non foron outorgados pola Xunta a este Concello que aínda así mantén a baixada do paro entre os seus veciños.

Informa esta Alcaldía ó Pleno municipal, igual que no ano anterior da necesidade ante a situación económica actual de mantemento do persoal existente e reforzos puntuais na plantilla ós efectos da prestación en xestión directa na súa maioría dos servizos municipais actuais (e incluso futuros). Considerando que o Concello de Boimorto con baixo esforzo fiscal e dependente, de forma relevante, da financiación autonómica , estatal e local non acadaría a calidade actual dos servizos prestados e o control e funcionamento adecuado dos mesmos cunha xestión indirecta de servizos que, podería verse afectada tanto polos cambios económicos ( folgas, revisión dos prezos dos contratos, ), como pola inestabili-

de xeral ( concursos de acreedores... ), defendendo unha xestión directa dos servizos municipais que permite a este equipo de goberno a creación de emprego ( formativo, temporal e fixo coas dúas prazas vacantes ) colaborando na loita contra o desemprego tanto con estas medidas como coa previsión de subvencións para a promoción do emprego no capítulo 4 do orzamento de gastos, atendendo a situación de crise económica xeral existente e intentando no marco das nosas posibilidades o apoio para a saída desta situación de crise.

A creación de emprego e dun Concello con futuro, e consecuencia tamén da loita e consecución por este equipo de goberno destes proxectos para Boimorto :

A) Construcción e posta en funcionamento neste Concello do Centro de día e Miniresidencia , prevense neste orzamento no capítulo de inversións gastos de mobiliario que se completan cos do ano anterior a incorporar como remanente de crédito, unha vez presentada e tramitada memoria de inicio de actividade que prevese presentar no próximo pleno ordinario e tera exposición pública, así como unha vez obtido permiso de funcionamento pola Xunta de Galicia aperturárase o centro e asumiranse os custes de funcionamento de ir a unha xestión directa por xeracións de créditos derivadas de ingresos de usuarios e aportacións municipais iniciais derivadas do remanente de tesourería do exercicio 2010.

B) Construcción neste termo municipal do albergue da Telleira, obra xa iniciada.

C) Centro ocupacional para discapacitados pendente de inmediata licenza definitiva de actividade por cambio de actividade mediambiental a actividade de centro ocupacional .

D) Construcción futura do Polígono industrial con Plan parcial xa presentado e aprobado definitivamente e proxecto de compensación en tramitación no que se preven cesións municipais de aproveitamento urbanístico e de sistemas locais no polígono e de cuxa posta en funcionamento deriva a creación de postos de traballo.

E) Plan xeral de ordenación municipal adaptado á normativa galega de urbanismo vixente que permite a creación e posta e marcha de proxectos empresarias ( gandeiros, agrícolas principalmente.... , outros importantes consultados en tramitación dos que se dara conta no seu momento... )

**Capítulo 2 Gastos en bens correntes e servizos; 540.307,51€ o 22,52% do total do orzamento de gastos** destacar que no Capítulo 2º, se dotan os créditos que segundo as necesidades dos distintos servizos ( xerais, sociais , educativos de urbanismo e benestar sanitarios culturais deportivos, turismo, ) se prevén para o exercicio económico, atendidos os producidos no ano 2010, e dentro das posibilidades económicas desta Entidade considerando incrementos tales como os dos suministros ( gasoil, electricidade..)

Consignáronse os créditos necesarios para atender en cada Area de gasto as súas necesidades sen prexuízo de modificacións que xurdan o longo do exercicio ante o resultado da xestión.

Destaca a previsión neste Capítulo 2 de crédito suficiente en ( clasificación económica 227) para facer fronte os compromisos asumidos via contratación de terceiros que prestan servizos neste Concello ( limpeza, asesoría urbanística, transporte o centro de maiores, desbroces...), e modificacións destes contratos, **destacando que xa non hai unha xestión indirecta no servizo do alumeadado público nin tampouco en recollida de lixo, saneamento, distribución de auga , servizo de axuda no fogar , mantemento de espazos públicos senon que se asumen con cargo o capítulo 1 de gastos de persoal do Concello** estes servizos apoiados con gastos en suministros necesarios para a prestación do servizo, aproveitando inversións propias e adquiridas o longo destes anos ( camión, material alumeadado, vehículos municipais ,reparacións mantemento de infraestructuras, ), para estes servizos.

Defende este equipo de goberno a xestión directa dos servizos públicos non so polos bos resultados acadados e aforro de custes con ela e que permitiron a posta e funcionamento de novos servizos como a gardería o centro social de maiores e actividades puntuais o longo do ano, senon porque consideramos que a xestión indirecta dos nosos servizos :

- a) Suporía privatizacións e incluso nalgúns servizos limitacións de acceso os usuarios
- b) Precarizaría as condicións laborais dos traballadores para aumento do beneficio empresarial, con redución de postos de traballo, baixos salarios, desregularización do emprego.
- c) Perderíamos o control pleno do servizo polo Concello
- d) Aumentaría o coste do servizo para os usuarios en búsqueda do ánimo de lucro
- e) Daríase unha perda da calidade dos servizos
- f) Dificil integración de políticas de sostenibilidade
- g) Fomento da desigualdade , da exclusión social quedando afectados os principios de igualdade de acceso , universalidade e non discriminación
- h) Aumento de posibilidades de corrupción, clientelismo, da persecución de beneficios económicos son caldo de cultivo para tráfico de influencias, información privilexiada, sobornos, comisións
- i) Prácticas de uso indebido con bens e patrimonio públicos

As principais areas de gasto deste orzamento servizos xerais, obras e urbanismo, benestar comunitario onde se recollen os servizos de lixo, augas, reparacións mantemento infraestructuras,.. sanidade, educación, cultura , deportes, turismo servizos sociais promoción do emprego ...., amosan a variedade de actuacións e o carácter dinamizador deste Concello. Destaca o aumento de partidas como a de mantemento e reparación de camiños, a previsión de actualización da páxina web do Concello, ..

Os cambios neste capítulo en relación coa anualidade 2010 responden principalmente o incremento do custe dos suministros como gasoil e electricidade, adaptación do crédito das partidas en función dos gastos realizados no ano anterior e os que se pretenden realizar neste ano en reparación e mantemento, suministros, comunicacións, seguros contratacións externas , gastos varios , dietas locomocións....

Reflexase neste presuposto como consecuencia da experiencia na xestión deste Concello denovo unha adaptación orzamentaria para maior eficiencia no gasto deste Concello , destaca o control do gasto na redución de importes relacionados co mantemento do alumeado público polo control no servizo , en recollida selectiva, en control dos contratistas e a súa facturación.

Nos capítulos 3 (intereses da débeda) 5.000€ o 0,21% do total do orzamento de gastos e 9 0€, hai previsión para atender a carga imputable ao exercicio relacionada con intereses por operación de tesourería , non hai dotación orzamentaria no capítulo 9 por non ter pendente amortización de prestamo algún este Concello.

Neste exercicio prevese a concertación dunha operación de tesourería de 100.000€ (polo que se preven pago de intereses no capítulo 3 que podan derivar do uso desta poliza de crédito ) a que acudimos para non perder as subvencións da Xunta de Galicia e responder coa nosa liquidez en tempo e forma o pago dos contratistas , esta necesidade de tesourería deriva principalmente da política da Xunta de Galicia que en materia de subvencións esixe un pago total previo polo Concello antes do ingreso da subvención.

Sinalo que esta operación quedará cancelada a 31/12/2011 por obriga legal asi como que non supón un crédito a longo prazo nin un endebedamento do Concello senon unha disponibilidad monetaria compensada coa obtención de importantes subvencións para obras outorgadas pola Xunta de Galicia.

Recordase o Pleno municipal como tódolos obxetivos cumpridos por este goberno foron alcanzados sen necesidade de empeño da tesourería municipal a forza de adicación e traballo e sen dúbida dun traballo adecuado as necesidade deste Concello .

**Transferencias correntes:** consignanse créditos no Capítulo 4.º 30.500€,o 1,27% do total do orzamento de gastos dentro das nosas posibilidades orzamentarias, para a concesión de axudas e subvencións ao longo deste exercicio.

**O cambio fundamental materializando o noso compromiso coa promoción do emprego e o aumento de subvención/s para promoción do emprego en 7.200€ que unidos os 3.000 orzamentados nos anos anteriores fan un total de 10.200€, seran restructuradas as bases para o outorgamento desta/s subvención/s os efectos de acadar unha maior participación e coñecemento veciñal e aumentar os beneficiarios destas axudas.**

**Mantéñense axudas de emerxencia social, transporte escolar e natalidade.**

**Para as comisións de festas outorganse por bases de execución unhas cantidades fixas para poder facer fronte os custes de pólizas de seguros que cubran os riscos da/s festa/s patronal celebrada.**

**Desaparacen as subvencións directas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro sendo o propio Concello o que se encargará da dinamización de actividades culturais e deportivas nos locais sociais sen prexuízo de prestar a máxima colaboración para a execución dos proxectos destas asociacións.**

**Mantéñense os premios de promoción cultural e deportiva.**

Respecto das **Inversións Reais 1.137.427,13€** : as operacións de capital dotaronse nas correspondentes partidas do Cap. 6.º, para poder afronta-la execución das obras relacionadas no anexo de inversións coa súa financiación prevista a afectada no capítulo 7 de ingresos mais

Os proxectos previstos inicialmente sen prexuízo de aumentos por modificacións orzamentarias de competencia plenaria xa que afectarían o anexo de inversións, son :

**Saneamento en Brates Ayto aportación municipal de =16.526,98€ incorporase remanente do exercicio anterior para a parte que falta por executar desta obra incorporación obrigatoria por lei, e prevense créditos iniciais para a aportación municipal, destacar que foi paralizada a obra para a súa modificación mellorando o tipo de depuradora e a súa situación en base a informes técnicos da universidade e dos nosos servizos que xustifican esta modificación en beneficio de mais veciños.**

**Mejora caminos en Piñeiro Saaamil Frádela Franzomil POS Diputación 57.526,58 ( aportación municipal 4.903,08€) o mantemento e reparación de camiños marcou a política de inversión deste goberno**

**Reparación parcial del camino de Campos a Foros ( parroquias de Arceo y Andabao ) POS 50.412,82€ ( aportación municipal 4.903,08€)**

**A mellora dos inmobles de titularidade e uso municipal e veciñal en relación con cultura e deportes manifestase nestes dous proxectos:**

**Deportes Reparación pista polideportiva patio exterior do CEIP de Boimorto 40.000€**

**Cultura Insonorización e dotación de equipamento para o Edificio de usos múltiples 40.000€**

**Este goberno remata o iniciado coa mellora da funcionalidade do edificio de cultura adicando parte do mesmo a un Punto de atención á infancia e da praza da feira na que se construiu un parque infantil coa obra**

**Promoción económica Sustitución Alumbrado plaza de la feria 20.000€**

**O proxecto mais importante nos últimos anos para Boimorto o Centro de día e Miniresidencia remata esta anualidade coa inversión**

**Mobiliario miniresidencia 125.000€**

**Obra Centro de Día Miniresidencia 239.234,30€ último pago da obra plurianual xa rematada en xuño de 2010.**

**Os proxectos executados por este goberno de melloras de infraestructuras e bens inmobles municipais en cumprimento das obrigas de mantemento dos mesmos como servizos mínimos obrigatorios continúan coa obra**

**Mellora espazo publico mercado tradicional 62.745,27 ( 47.058,95€ Xunta 15.686,32 Ayutamiento ) que permitira a mellora do entorno da Praza do colexio onde ademais se celebra mensualmente a feira municipal recuperada por este goberno.**

**Continuando coa execución e cumprimento das obrigas municipais en servizos mínimos obrigatorios segundo a normativa aplicable prevese a execución da obra**

Saneamento Viladóniga **268.964,01€**

**A labor exemplar deste Concello en recollida e xestión de lixo continúa coa construción de novos**

Pequenos puntos limpos **41.300€** ( 35.000 subvención 6300 ive Ayuntamiento)

**O Deporte promove e apoia por este Concello a pesar das barreiras para obtención de subvencións postas na anualidade anterior na Consellería correspondente da Xunta de Galicia, seguiremos loitando para conseguir financiación e executar a obra**

Pista de Padel Total **52.413,17€** ( Ayuntamiento 10.482,63€ Xunta 41.930,54)

**Recuperado o entorno da Praza da Gandara con varias subvencións obtidas polo Concello continuamos a recuperación deste espacio urbano coa obra**

Subvención infraestructuras urbanas Praza da Gandara Total **50.000€** aportación municipal 10.000€ subvención 40.000€

**En mellora e axilidade nos servizos de recadación municipal invertindo todos os anos na mellora dos equipos de traballo do noso persoal prevese a compra de**

Software e lector PDA contadores **3.304€**

**Non olvidándonos do futuro que supón para este Concello o disfrute duns servizos de telecomunicacións funcionais e que supoñan aforro de custes e acceso de tódolos veciños prevemos con fondos propios que poderan aumentar co remanente de tesourería do exercicio 2010 a inversión nunha**

Rede Wifi **10.000€**

**Confiando na nosa labor así como tendo confianza no futuro dos nosos proxectos e a súa mellora prevese a**

Compra finca ampliación parcela Miniresidencia **55.000€**

Alarmas sistemas seguridade edificios municipais **5.000€**

**As obras de :**

**Saneamento en Romelas**

**Reposición muro campo da igrexa**

**Mellora drenaxe campo de fútbol**

**Mellora camiño campo da Lanza**

**Acceso igrexa Arceo, melloras locais sociais, mobiliario miniresidencia financiado por Agader e outras nas que xa se iniciou o expediente contractual e incluso foron adxudicadas ou están en execución do exercicio anterior serán incorporadas como remanente de crédito do exercicio anterior a este orzamento, amosando o cumprimento por este equipo de goberno do proxectado ano a ano.**

**Novas inversións derivaran das subvencións en materia de inversións que sexan obtidas da Xunta de Galicia ou da Exma Diputación Provincial de A Coruña polo empeño e traballo deste equipo.**

**Priorizanse nas obras proxectadas as demandas dos veciños de Boimorto que son escoitadas por este goberno, as necesidades actuais e futuras deste Concello, así como a capacidade de mantemento de novos inmobles e infraestructuras**

**Destaca o esforzo do Concello para afrontar as aportacións municipais para ditas inversións evitando o despilfarro e a mala execución orzamentaria.**

**No Capítulo 7 Transferencias de capital non hai previsión orzamentaria .Tampouco hai previsión nos capítulos 8 e 9.**

**DO ORZAMENTO DE GASTOS PARA A ANUALIDADE 2011 CABE DESTACAR :**

**A) Que a inversión representa un 47,41% do orzamento total sendo de 1.137.427,13€ sobre o total do orzamento de 2.399.069,64€. A inversión atende a tódalas áreas de gasto prioritarias neste Concello e incrementase en relación co exercicio anterior.**

**B) Que non se incrementan os gastos de persoal nin os correntes en relación con exercicios anteriores, senon que redúcese a porcentaxe que representan no total do orzamento.**

**C) Hai unha rebaixa en gastos correntes que non deriva da supresión de ningún servizo senon dunha mellor orzamentación a vista de gastos de anos anteriores e sen prexuízo de aumentos por obtención de subvencións para programas novos .**

**D) Xustifícase a necesidade de liquidez e pago de intereses da operación de tesourería proxectada sen contraer debida a longo prazo , para poder obter e xestionar en tempo e forma subvencións da Xunta de Galicia para obras.**

**E) Manteñense as subvencións reorientadas a maior loita contra o desemprego e apoio as explotacións deste Concello .**

**F) Tendo en conta as importantes contías para gastos de inversión en servizos sociais , destaca en gastos correntes e de persoal como en atención as necesidades básicas dos nosos veciños , en asistencia social , educación no punto de atención a infancia , servizo de axuda no fogar se preven uns importantes gastos que alcanzan ata casi un 25% do orzamento municipal total.**

**B) ESTADO DE INGRESOS**

**1. Recursos ordinarios (capítulos 1 al 5):** foron consignados todos aqueles que proceden, tomándose como base as Ordenanzas en vigor e convenios contemplados nestas, a participación nos tributos do Estado, así como os recursos que legalmente corresponde percibir cuxa liquidación se prevé durante o exercicio, en atención aos Dereitos recoñecidos no ano 2010 .

**Capítulo 1: 207.000€ Informa esta Alcaldía como non foron nestes anos incrementados os impostos municipais obrigatorios que se manteñen en tipos mínimos ( tan so incrementouse o tipo do IBI para inmobles de características especiais os efectos de cobro do imposto a parte do parque eólico de Codesas que ocupa parte do noso termo municipal ) , sen que esta conxelación de importes tributarios a favor dos nosos veciños mermase a capacidade de gasto e inversión do Concello , ante unha mellor xestión de recursos municipais o baixo esforzo fiscal non evita o mantemento de esforzo inversor polo Concello .**

Sobre os impostos deste capítulo: Imposto sobre Bens Inmobles , Imposto sobre Vehiculos de Tracción Mecánica e Imposto sobre Actividades Economicas . Faise previsión de ingresos tendo en conta Ordenanzas vixentes e partindo dunha presupostación sobre a base dos dereitos recoñecidos e previsibles altas, así como dos datos dos últimos padróns de contribuintes obrantes nas dependencias municipais, e o previsto e recaudado no ano 2010. Aumenta este capítulo en relación có ano 2010 en 8.000€ principalmente derivados de actualizacións catastrais que repercuten no IBI de urbana .

**Capítulo 2:** Neste capítulo 2 de ingresos, constituído unicamente polo Imposto sobre construcións, instalacións e obras, aparece un aumento de previsión en relación o ano 2010 en 5.194,49€ motivado en expedientes de vivendas que están a ser despachados polos nosos servizos técnicos e o mantemento pola Xunta de subvencións para ampliacións e melloras de explotacións cuxas licenzas urbanísticas repercutiran a favor de maior recaudación municipal neste capítulo. A continuación do expediente do Polígono industrial fundamenta tamen esta previsión no capítulo 2 de 60.000€.

O traballo para a obtención dun plan xeral de ordenación adaptado a normativa vixente e o traballo da súa aplicación convertiron a este Concello nuns dos poucos galegos con Plan xeral adaptado e garante do cumprimento da normativa urbanística , o que se trasladou nun importante aumento de ingresos en materia urbanística que culminará có desenvolvemento do polígono industrial e proxectos nos que está a traballar está Alcaldía para a súa instalación neste termo municipal dos que se dara conta os veciños no momento oportuno.

**Capítulo 3: 173.450€** Hai que destacar neste capítulo a diminución de previsións en relación có ano 2010 , aplicando o principio de prudencia orzamentaria este equipo de goberno adapta as súas previsións de ingresos o recaudado realmente en servizos como axuda no fogar, gardería, prezos públicos por actividades culturais , deportivas , tasas por ocupación de dominio público, etc.. , o recaudado na anualidade anterior para non sobrevalorar e o longo do ano poder non ter liquidez por presupostar gastos por encima das nosas posibilidades.

Velase pola planificación e execución dun orzamento real que en ingresos reflexa neste capítulo o respecto nas nosas ordenanzas e acordos reguladores de prezos público das limitacións sinaladas pola Xunta de Galicia en servizos como axuda no fogar ou punto de atención da infancia . A moso o orzamento de ingresos neste e nos capítulos anteriores o baixo esforzo fiscal que esiximos os nosos veciños sendo conscientes da situación actual de crise e desemprego e tamen da grave situación pola que pasa o agro galego.

**Capítulo 4: 961.378,60€** baixa en relación co ano anterior en 114.080,69€, esta baixada trae a súa causa principal na solicitude de devolución polo Estado de parte do cobrado en participación de tributos do estado no ano 2008 así como na desaparición do Fondo estatal que no ano anterior en parte adicamos a gastos correntes . Neste capítulo temos a participación nos ingresos do Estado , e a destacar os recursos para gastos correntes que viran do POS .

Vistas as subvencións obtidas para gastos correntes no exercicio 2010 prevense inicialmente as conseguidas na anualidade anterior e adaptase as contías, prevense as seguintes transferencias correntes:

#### **CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES**

**420** De la Administración General del Estado

420.00 Participación en los tributos del estado € ( ojo son 25.292,70 al mes total 303.512,40 < 34234,74) 270.000€

420.20 Compensación por beneficios fiscales ( IAE) 18.000€

**450** De la Administración General de la CCAA

450.00 Participación en tributos de la CCAA Fondo de cooperación local 244.000€

450.80 Otras subvenciones corrientes de la Administración General de la CCAA

450.81 Tecnico local de emprego Xunta de Galicia 26.900€ ( que es el 80%)

450.82 Centro Salud 2.800€+2715,36=5.515,36€

450.83 Subvención Plan Concertado 83.150€

450.84 Subvención gastos corrientes juzgado de paz 2.000€

450.85 Subvención para SOGAMA 5.110

450.86 Socorrista tres meses 5500

450.87 Incendios 9.100

450.88 Alfabetización 4500

450.89 Pai 9.050,00€

450.90 Cooperativismo 6.000€

455.10 CEIP extraescolares 21200

455.11 Xunta normalizadora 3600

455.12 Medio Ambiente 35.000€

461.00 De entidades locales Diputación otras transferencias Convenio de SS 2010 25.200€

461.01 Animador Cultural 7.500€ ( nuevo 2011-2012)

461.02 Animador Deportivo 7.500€ (nuevo 2011-2012)

461.03 Actividades deportivas 11.000€ ( nuevo 2011-2012)

461.04 Actividades culturales 12.500€ ( nuevo 2011-2012)  
461.05 Proxecto experimental MULLER 8.000 (2011-2012)  
461.06 Formación e prevención en igualdade para homes e mulleres 8.000 (2011-2012)  
461.07 Saúde e calidade de vida 5000€ (2011-2012)  
461.08 Rede cultural / 8.000 (2011-2012)  
461.09 Normalizadora 12000 (2011-2012)  
461.10 Promoción económica 10.000 € (2011-2012)  
461.11 Pos 2011 Gasto corrente 98.053,24€

**Capítulo 5:** Dentro deste capítulo recollense intereses de depósitos e reduceuse o recaudado nesta anualidade **2.000€ enténdese desde esta Alcaldía sempre sen chegar o endebedamento do Concello que os fondos líquidos deben estar en movemento e o servizo das necesidades veciñais e non aforrados no banco deixando morrer a actividade deste termo municipal.**

**2. Recursos de capital:** para financiar as inversións comprendidas no estado de gastos, destínanse os que a continuación vou sinalar,

**Capítulo 6:** Non se prevé ningún ingreso por este capítulo xa que non ten previsto este equipo de goberno a venda de capital inmobiliario do Concello, nestes últimos anos a nosa xestión aumenta o patrimonio municipal en ningún caso despatrimonializa o Concello senon que aumentou o seu patrimonio e a utilidade do existente traballando na súa mellora e mantemento; así por exemplo mercamos novas parcelas municipais, apareceron novos centros como o dos Anxeles ou a Miniresidencia de Boimorto co seu mobiliario, dotouse o inmovible cultural de todo o necesario para funcionamento dunha guardería, adquiríronse un camión e un automóvil para os servizos municipais, os ordenadores impresoras e fotocopiadoras foron renovados, tamén adquiríuse maquinaria como cortacespede, e outra necesaria para os servizos de mantemento, outras compras foron ; lavadora, lavavajillas, mobiliario necesario para o funcionamento dos servizos, maquinaria de oficina , redes, extintores, cámaras fotográficas, megafonías, farolas columpios e mobiliario urbano, aparatos de ximnasia, etc.....

**Capítulo 7:** Transferencias de Capital **Capítulo 7:** Aquí son orzamentadas as subvencións previstas en recursos afectados no anexo de inversións os previstos inicialmente antes de sinalar as previstas inicialmente fago constar que son xunto coas subvencións para gastos correntes do capítulo 4 **reflexo da boa política de obtención e xestión de subvencións polas que acadamos unha execución aproximada nos últimos anos de 4.500.000€ , e que amosan a pouca repercusión do color político en instancias superiores cando o traballo que se amosa do Concello e os plans e proxectos que se lle presentan diferéncianse pola súa calidade .**

761.00 De la Diputación POS Diputación 98.053,24€  
761.01 Cultura inversión edificio usos múltiples insonorización e mellora 2011/2012 40.000€  
761.02 Deporte inversión pista polideportiva colexio 2011/2012 40.000€  
761.03 Mobiliario miniresidencia Diputación 125.000€  
761.04 Promoción económica inversión Alumeado Praza da Feira 20.000€

750.80 Outras transferencias de capital de la Administración General de la CCAA 2010  
Obra Centro de Día Miniresidencia 239.234,30€  
Mellora espazo publico mercado tradicional 47.058,95€  
Saneamento Viladóniga 268.964,01€  
Puntos Limpos 35.000€  
Pista de Padel ( Total 52.413,17€ Ayuntamiento 10.482,63€ ) Xunta 41.930,54  
Subvención infraestructuras urbanas Total 50.000€ aportación municipal 10.000€ subvención 40.000€

#### **Capítulos 8 e 9 Activos e Pasivos Financieros**

No presente exercicio económico non se prevén Ingresos por estes conceptos destacando respecto o Capítulo 9 a **non previsión de operacións de crédito a largo prazo** como fonte de financiación do estado de gastos. **Non se acudirá a esta financiación.**

**Existe un equilibrio en termos de presupostación entre os ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza. Na medida en que o ingreso supera ó gasto, dos ingresos correntes 142.186,09€ son destinados a inversións.**

Consiguientemente, infírese que as principais modificacións que presenta o Estado de Ingresos, en relación co Orzamento do exercicio anterior, son as que, en resúmen, se expresaron anteriormente.

#### **CONCLUSIÓN XERAIS DO ESTADO DE INGRESOS DE 2011 :**

Mantense como na anualidade anterior unha dependencia de financiación externa da Xunta, Diputación, Estado... , nun 80 % aproximadamente obtendo do esforzo fiscal propio tan so un 20% de ingresos para os nosos gastos, esto deriva da política de non incremento tributario aplicada por este goberno así como a reiteración de obtención de subvencións anuais derivada do duro traballo e constancia nas políticas innovadoras deste Concello recoñecidas tanto pola Deputación como pola Xunta no outorgamento destas subvencións, non considerou adecuado este equipo de goberno ante a situación económica xeral o aumento do esforzo fiscal dos nosos veciños.

Os bos resultados dende o ano 2007 na consecución de subvencións e boa execución das gastos con financiación afectada poden contrastarse por calquera concelleiro ou veciño nas liquidacións dos orzamentos municipais dende esa anualidade, considerando que está fundamentada esta mellora anual na coherencia das actuacións a solicitar, a innovación no ámbito rural, do bo traballo na posta en marcha e funcionamento de servizos do persoal deste Concello, na priorización adecuada do gastos e legalidade na execución do mesmos.

### C) MODIFICACIÓNS DE CREDITO

Para a realización de obras, servizos, inversións en xeral, ou gastos ordinarios, etc. non contemplados neste Orzamento, ou para os que fosen insuficientes os créditos asignados nas correspondentes partidas, tramitaranse os pertinentes expedientes de modificación de créditos con cargo ao Remanente de Tesorería non comprometido do ano 2010, de ser positivo ( ten que estar determinado para o mes de marzo coa liquidación orzamentaria do exercicio 2010) , ou cargo a subvencións, axudas económicas ou outros ingresos previstos na vigente lexislación en materia de Facendas Locais.

As modificacións de crédito que poidan plantearse deberán ter en conta a posible contemplación no estado de gastos e ingresos a esos efectos, e de estar recollidas realizarse polas diferencias que puideran haber se as achegas son maiores ás previstas, e de ser menores limitarse o gasto o recibido, evitando un incremento fictio do Estado de Gastos e Ingresos.

Adoptase o compromiso por esta Alcaldía, e por ende do Pleno, de non executar gastos que dependesen de financiación afectada sen ter compromiso asinado ao respecto, quedando limitado a aquel o gasto executable, a no ser que se obteñan maiores ingresos sobre os previstos ou algunha outra fonte de financiación propia.

E un pracer poder por en coñecemento do Pleno municipal que a Excmá Diputación Provincial de A Coruña no seu servizo de asistencia a municipios os efectos de dispor de información para decidir sobre a política de asistencia municipios realizou un estudo económico financeiro das entidades locais de menos de 20.000 habitantes entre estas de Boimorto , remitindo un informe con entrada neste Concello nº 1568 en data 30/11/2010 no que da os resultados da análise deste Concello nos exercicios 2006/2009 en comparativa con outros municipios do mesmo estado de poboación e no que conclúe que :

“ O Concello de Boimorto liquida no ano 2009 cuns resultados moi bos, os mellores de todo o período analizado e amosando unha situación económico financeira saneada . Todas as magnitudes analizadas son positivas e alcanzan uns valores axeitados ó tamaño do concello.

O remanente de tesourería para gastos xerais é positivo ... , o que denota unha boa situación no que se refire a aspectos como a liquidez e a solvencia da entidade e aí o corrobora os valores alcanzados polas ratios de tesourería a de liquidez inmediata de 1,12 e a de solvencia a curto prazo de 1,58 que poñen de manifesto a boa situación do concello en ambos aspectos.

O resultado orzamentario tamén é positivo, despois de axustes ...alcanza importante incremento tanto na execución do orzamento de gastos como no de ingresos cerca do 50% respecto do exercicio anterior . Os investimentos pasan de 861.820,27€ do ano 2008 á cantidade de 1.466.426,61€ no 2009 e nas operacións de corrente o incremento e similar. E de resaltar que este esforzo investidor prodúcese sen necesidade de recorrer ó endebedamento que é nulo neste concello o cal pon de manifesto unha situación financeira excelente.

Polo que respecta o aforro neto ,esta magnitude tamén presenta un incremento importante neste ano 2009 que alcanza a cifra de 220.254,59€ consecuencia fundamentalmente dun importante incremento nos ingresos correntes. Neste ano 2009 incrementáanse as cantidades liquidadas en todos os capítulos superando en case todos eles as cantidades medias liquidadas polos concellos do seu tramo de poboación. Recomendase vixiar e asegurar o mantemento deste nivel de ingresos que na súa maior parte depende das transferencias correntes ... En hora boa pola súa xestión.”

A vista deste informe que esta nas oficinas xerais a disposición de tódolos veciños e concelleiros queremos SOLICITAR ao Pleno municipal que, atendendo aos intereses xerais dos nosos veciños , que se materializan neste orzamento continuista das políticas deste goberno , apoiem a aprobación deste orzamento que dará cobertura as necesidades de Boimorto.

Destacar que sen incrementar a presión fiscal dos Boimortenses , este orzamento é o reflexo da transparencia e austeridade dos que este equipo de goberno fan gala, e con él queremos facer partícipes e protagonistas do futuro de Boimorto a todos; persoal do Concello, veciños/as , e concelleiros/as doutros grupos municipais.

Boimorto 14 de xaneiro de 2011  
O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Sen mais intervencións por maioría absoluta, con seis votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE e catro abstencións; tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e unha do concelleiro do grupo mixto, o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2011 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS NOVENTA E NOVE MIL SESENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS ( **2.399.069,64€**) así coma toda a documentación e anexos a él incorporados (plantilla, relación de postos de traballo, bases de execución ...entre eles), asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	685.835,00
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	540.307,51
Cap. 3	Gastos financeiros	5.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	30.500,00
Cap. 6	Inversións reais	1.137.427,13
Cap. 7	Transferencias de capital	---
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>2.399.069,64€</b>

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	207.000,00
Cap. 2	Impostos indirectos	60.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	173.450,00
Cap. 4	Transferencias correntes	961.378,60
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	2.000,00
Cap. 6	Enaxenación de inversións reais	---
Cap. 7	Transferencias de capital	995.241,04
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>2.399.069,64€</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2011, tal e como son presentadas.

**TERCEIRO.-** Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal e a modificación da relación de postos de traballo

A) **PERSOAL FUNCIONARIO:**

**Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes**

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

## B) PERSOAL LABORAL FIXO:

### **Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.**

- 1.-0.-Traballador/a social.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.
- 1.-0.-Animador deportivo.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Condutor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalerno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-0.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Condutor de paleadora desbrozadora - Completa.

## C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

### **Prazas.-Denominación.-**

- 1.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 1.-Socorrista.-Xornada completa
- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 1.-Normalizadora linguística .- Xornada completa
- 2.- Mestras.- xornada completa ( parte con financiación por incorporación de remanente de crédito )

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/85, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** O Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual ( 14 pagas ) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 90 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

**CUARTO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, , expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2011 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**QUINTO.-** O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do

devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do Rdl 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

**SEXTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**SÉTIMO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia

## **2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN CO NOME DE SUSO DE MARCOS DO CENTRO DE DINAMIZACIÓN SOCIAL DA PARROQUIA DOS ANXELES**

Pola Secretaria dase lectura a proposta da Alcaldía, relacionada con este punto da orde do día e que a continuación se reproduce literalmente:

### **<< PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Vistos os artigos 17 e 24 do Regulamento nº 17 de honores e distincións do Concello de Boimorto así como o acordo do Pleno de 30 de decembro de 2010 de concesión de honores e distincións acordando o nomeamento de fillo predilecto do Concello de Boimorto D. Jesús López García - Suso de Marcos previa tramitación do expediente previsto no Regulamento antedito **PROPOÑO** que o Pleno municipal **ACORDE**:

**PRIMEIRO.-** Conceder como distinción a D. Jesús López García - Suso de Marcos a designación co seu nome do Centro de Dinamización Social sito na parroquia de Ánxeles, realizándose en placa conmemorativa que será descuberta o día 4 de marzo de 2011 ás 21:00 horas.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e ás asociacións que promoveron o seu nomeamento de fillo predilecto e dar a maior publicidade da celebración deste acto aos efectos oportunos.>>

Sen mais intervencións por unanimidade con 11 votos a favor, 6 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro do grupo mixto, o Pleno **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Conceder como distinción a D. Jesús López García - Suso de Marcos a designación co seu nome do Centro de Dinamización Social sito na parroquia de Ánxeles, realizándose en placa conmemorativa que será descuberta o día 4 de marzo de 2011 ás 21:00 horas.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e ás asociacións que promoveron o seu nomeamento de fillo predilecto e dar a maior publicidade da celebración deste acto aos efectos oportunos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:01 minutos do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente

por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a tres de febreiro de dous mil once.=====

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez